

**REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO**

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 25/04/2018 12:42:15

**SAIDA 4600/18**

Excmo. Sr. Reitor da Universidade de Santiago de  
Compostela  
Colexio de San Xerome  
Praza do Obradoiro, s/n  
15782 – SANTIAGO DE COMPOSTELA

[reitor@usc.es](mailto:reitor@usc.es)

**Expediente: S.1.Q/2394/18**

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2018.

Excmo. Sr. reitor:

Nesta institución iniciouse este expediente de oficio, en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, como consecuencia de determinadas noticias en relación coa situación do persoal investigador e en particular sobre a repercusión que a maternidade ten na carreira investigadora das mulleres científicas.

Segundo as informacións achegadas, as investigadoras non poden competir en condicións de igualdade en convocatorias ou avaliacións de proxectos científicos pola falta de inclusión do factor de corrección polas baixas de maternidade. A noticia referíase a o caso da directora da unidade do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago (IDIS) durante o período de avaliación Miguel Servet II, que tivo unha baixa de 13 meses para atender aos seus dous fillos, polo que non puido competir en condicións de igualdade para optar á máxima categoría profesional, que lle foi denegada ao non contabilizarse ese tempo de baixa. A información recollida denota que esta é unha situación que afecta a outras mulleres científicas ou investigadoras, que padecen problemas derivados da maternidade como consecuencia de participar en convocatorias nas que falta a inclusión do factor de corrección polas baixas de maternidade.

O informe anual do Valedor do Pobo ao Parlamento de Galicia 2017 indicaba nas súas consideracións finais da área de Igualdade que :

*“O Valedor do Pobo considera que a nosa comunidade ten por diante retos específicos en materia demográfica. Como indicamos noutros apartados deste informe, Galicia segue a ser unha comunidade moi envellecida que precisa inverter a súa pirámide de poboación. Consideramos fundamental o impulso ás políticas de conciliación laboral e profesional e de corresponsabilidade na atención familiar e do fogar.”*

Como recolle o recentemente publicado *PLAN GALEGO DE CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE 2018-2021* "a decisión de ser nai ou pai é o aspecto relacionado coa maternidade e a paternidade máis condicionado pola situación laboral no conxunto da poboación ocupada, posto que así o recoñece o 14,63 % do total. A idade á que se teñen os fillos e as fillas é, pola contra, a cuestión menos afectada pola situación profesional (11,65 %)."


O Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade establece no seu artigo 1.3 como principio de actuación da Comunidade Autónoma:

*"O fomento da comprensión da maternidade como unha función social, evitando os efectos negativos sobre os dereitos da muller, e ademais instrumentando outros efectos positivos. A protección da maternidade é unha necesidade social que os poderes públicos galegos asumen e recoñecen politicamente. Sendo a maternidade un ben insubstituíble, todas as cargas e os coidados que supón, a gravidez, o parto, a crianza, a socialización dos fillos, deben recibir axuda directa das institucións públicas galegas, co fin de non constituíren discriminación gravosa para as mulleres. Neste sentido, a Xunta de Galicia aplicará todas as súas competencias para conseguir que se materialice, na práctica, o principio mencionado e a maternidade deixe de ser carga exclusiva das nais e motivo de discriminación para as mulleres:"*

Este mesmo decreto lexislativo considera no seu artigo 5 que o trato menos favorable a unha muller en relación co embarazo ou o permiso por maternidade está incluído dentro do concepto de discriminación.

Polo exposto anteriormente iníciase a correspondente investigación sumaria e informal para coñecer os datos en relación á igualdade no ámbito da investigación científica. En concreto solicitamos desa universidade que no prazo de 15 días, de acordo co previsto no art. 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilite información, no ámbito das súas competencias, sobre o persoal investigador (datos estatísticos por sexo, idade e por departamento ou instituto no que desenvolve a súa actividade), as actuacións que para a implantación da igualdade foron desenvolvidas por esa universidade nos últimos cinco anos; que nos achegue, debidamente cuberto, o anexo que se acompaña a este escrito e que informe sobre as demais circunstancias que se consideren relevantes para a completa valoración do obxecto da queixa.

Agradézolle a remisión do preceptivo informe e saúdoo atentamente.

  
Milagros María Otero Parga  
Valedora do Pobo

## **ANEXO QUE ACOMPAÑA A SOLICITUDE DE QUEIXA S.1.Q/2394/18**

Información relativa ás actuacións e medidas adoptadas por parte da Universidade

<b>ACTUACIÓNS E MEDIDAS</b>	<b>DEFINICIÓN DA ACTUACIÓN OU MEDIDA</b>	<b>NÚMERO DE PERSOAL INVESTIGADOR QUE SE ACOLLEU A ESTAS ACTUACIÓNS OU MEDIDAS</b>
Dirixidas á consolidación de medidas que consideren as situacións de risco durante o embarazo, maternidade, adopción e acollemento, risco durante a lactación, paternidade e incapacidade temporal, para o cómputo da duración dos contratos de investigación ou predoutorais, que dean lugar á prórroga do prazo de execución		Varón Muller
Dirixidas á formulación de medidas para que as situacións de risco durante o embarazo, maternidade, adopción e acollemento, risco durante a lactación, paternidade e incapacidade temporal se poidan descontar do prazo estipulado para a valoración dos proxectos de investigación		Varón Muller
Dirixidas á mellora no reparto das cargas familiares coa promoción da adaptación de tempos e horarios laborais		Varón Muller
Dirixidas ás mulleres para a súa reincorporación á carreira científica que a abandonasen por razón de maternidade		Varón Muller
Dirixidas a potenciar a atención e apoio que garanta a asistencia integral das mulleres embarazadas		
Dirixidas a concienciación e información para incentivar entre os homes o uso das medidas de conciliación existentes		

Dirixidas á sensibilización, información e asesoramento sobre o valor social e as implicacións da maternidade e a paternidade cor responsable		Varón Muller
Dirixidas a utilización máis equitativa das fórmulas de traballo flexible e de permisos		Varón Muller
Dirixidas a promover medidas de flexibilidade espacial (mobilidade xeográfica, de área) así como a utilización de novas tecnoloxías que permitan a conciliación mediante o tele traballo		Varón Muller

#### Actuacións da Universidade en relación ás Víctimas da Violencia de Xénero

<b>ACTUACIÓNS E MEDIDAS</b>	<b>DEFINICIÓN DA ACTUACIÓN OU MEDIDA</b>	<b>NÚMERO DE PERSOAL INVESTIGADOR QUE SE ACOLLEU A ESTAS ACTUACIÓNS OU MEDIDAS</b>
Actuacións relativas a protección de vítimas de violencia de xénero (persoal)		Administración Docente Investigador
Actuacións relativas a protección de vítimas de violencia de xénero (alumnado)		Mulleres Fillos de mulleres vítimas de Violencia de Xénero

**REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO**

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 25/04/2018 12:43:50

**SAIDA 4601/18**

Excmo. Sr. Reitor da Universidade de A Coruña  
Rúa da Maestranza, nº 9  
15001 – A CORUÑA

**Expediente: S.1.Q/2394/18**

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2018.

Excmo. Sr. reitor:

Nesta institución iniciouse este expediente de oficio, en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, como consecuencia de determinadas noticias en relación coa situación do persoal investigador e en particular sobre a repercusión que a maternidade ten na carreira investigadora das mulleres científicas.

Segundo as informacións achegadas, as investigadoras non poden competir en condicións de igualdade en convocatorias ou avaliacións de proxectos científicos pola falta de inclusión do factor de corrección polas baixas de maternidade. A noticia referíase a o caso da directora da unidade do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago (IDIS) durante o período de avaliación Miguel Servet II, que tivo unha baixa de 13 meses para atender aos seus dous fillos, polo que non puido competir en condicións de igualdade para optar á máxima categoría profesional, que lle foi denegada ao non contabilizarse ese tempo de baixa. A información recollida denota que esta é unha situación que afecta a outras mulleres científicas ou investigadoras, que padecen problemas derivados da maternidade como consecuencia de participar en convocatorias nas que falta a inclusión do factor de corrección polas baixas de maternidade.

O informe anual do Valedor do Pobo ao Parlamento de Galicia 2017 indicaba nas súas consideracións finais da área de Igualdade que :

*“O Valedor do Pobo considera que a nosa comunidade ten por diante retos específicos en materia demográfica. Como indicamos noutros apartados deste informe, Galicia segue a ser unha comunidade moi envellecida que precisa inverter a súa pirámide de poboación. Consideramos fundamental o impulso ás políticas de conciliación laboral e profesional e de corresponsabilidade na atención familiar e do fogar.”*

Como recolle o recentemente publicado PLAN GALEGO DE CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE 2018-2021 "a decisión de ser nai ou pai é o aspecto relacionado coa maternidade e a paternidade máis condicionado pola situación laboral no conxunto da poboación ocupada, posto que así o recoñece o 14,63 % do total. A idade á que se teñen os fillos e as fillas é, pola contra, a cuestión menos afectada pola situación profesional (11,65 %)."


O Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade establece no seu artigo 1.3 como principio de actuación da Comunidade Autónoma:

*"O fomento da comprensión da maternidade como unha función social, evitando os efectos negativos sobre os dereitos da muller, e ademais instrumentandò outros efectos positivos. A protección da maternidade é unha necesidade social que os poderes públicos galegos asumen e recoñecen politicamente. Sendo a maternidade un ben insubstituible, todas as cargas e os coidados que supón, a gravidez, o parto, a crianza, a socialización dos fillos, deben recibir axuda directa das institucións públicas galegas, co fin de non constituiren discriminación gravosa para as mulleres. Neste sentido, a Xunta de Galicia aplicará todas as súas competencias para conseguir que se materialice, na práctica, o principio mencionado e a maternidade deixe de ser carga exclusiva das nais e motivo de discriminación para as mulleres."*

Este mesmo decreto lexislativo considera no seu artigo 5 que o trato menos favorable a unha muller en relación co embarazo ou o permiso por maternidade está incluído dentro do concepto de discriminación.

Polo exposto anteriormente iníciase a correspondente investigación sumaria e informal para coñecer os datos en relación á igualdade no ámbito da investigación científica. En concreto solicitamos desa universidade que no prazo de 15 días, de acordo co previsto no art. 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilite información, no ámbito das súas competencias, sobre o persoal investigador (datos estatísticos por sexo, idade e por departamento ou instituto no que desenvolve a súa actividade), as actuacións que para a implantación da igualdade foron desenvolvidas por esa universidade nos últimos cinco anos; que nos achegue, debidamente cuberto, o anexo que se acompaña a este escrito e que informe sobre as demais circunstancias que se consideren relevantes para a completa valoración do obxecto da queixa.

Agradézolle a remisión do preceptivo informe e saúdoo atentamente.

  
Milagros María Otero Parga  
Valedora do Pobo

## **ANEXO QUE ACOMPAÑA A SOLICITUDE DE QUEIXA S.1.Q/2394/18**

Información relativa ás actuacións e medidas adoptadas por parte da Universidade

<b>ACTUACIÓNS E MEDIDAS</b>	<b>DEFINICIÓN DA ACTUACIÓN OU MEDIDA</b>	<b>NÚMERO DE PERSOAL INVESTIGADOR QUE SE ACOLLEU A ESTAS ACTUACIÓNS OU MEDIDAS</b>
Dirixidas á consolidación de medidas que consideren as situacións de risco durante o embarazo, maternidade, adopción e acollemento, risco durante a lactación, paternidade e incapacidade temporal, para o cómputo da duración dos contratos de investigación ou predoutorais, que dean lugar á prórroga do prazo de execución		Varón Muller
Dirixidas á formulación de medidas para que as situacións de risco durante o embarazo, maternidade, adopción e acollemento, risco durante a lactación, paternidade e incapacidade temporal se poidan descontar do prazo estipulado para a valoración dos proxectos de investigación		Varón Muller
Dirixidas á mellora no reparto das cargas familiares coa promoción da adaptación de tempos e horarios laborais		Varón Muller
Dirixidas ás mulleres para a súa reincorporación á carreira científica que a abandonasen por razón de maternidade		Varón Muller
Dirixidas a potenciar a atención e apoio que garanta a asistencia integral das mulleres embarazadas		
Dirixidas a concienciación e información para incentivar entre os homes o uso das medidas de conciliación existentes		

Dirixidas á sensibilización, información e asesoramento sobre o valor social e as implicacións da maternidade e a paternidade cor responsable		Varón Muller
Dirixidas a utilización máis equitativa das fórmulas de traballo flexible e de permisos		Varón Muller
Dirixidas a promover medidas de flexibilidade espacial (mobilidade xeográfica, de área) así como a utilización de novas tecnoloxías que permitan a conciliación mediante o tele traballo		Varón Muller

Actuacións da Universidade en relación ás Víctimas da Violencia de Xénero

<b>ACTUACIÓNS E MEDIDAS</b>	<b>DEFINICIÓN DA ACTUACIÓN OU MEDIDA</b>	<b>NÚMERO DE PERSOAL INVESTIGADOR QUE SE ACOLLEU A ESTAS ACTUACIÓNS OU MEDIDAS</b>
Actuacións relativas a protección de vítimas de violencia de xénero (persoal)		Administración Docente Investigador
Actuacións relativas a protección de vítimas de violencia de xénero (alumnado)		Mulleres Fillos de mulleres vítimas de Violencia de Xénero



**REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO**

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 25/04/2018 12:48:03

SAIDA

4602/18

Excmo. Sr. Reitor da Universidade de Vigo

Campus Universitario

36310 – VIGO (Pontevedra)

Expediente: S.1.Q/2394/18

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2018.

Excmo. Sr. reitor:

Nesta institución iniciouse este expediente de oficio, en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, como consecuencia de determinadas noticias en relación coa situación do persoal investigador e en particular sobre a repercusión que a maternidade ten na carreira investigadora das mulleres científicas.

Segundo as informacións achegadas, as investigadoras non poden competir en condicións de igualdade en convocatorias ou avaliacións de proxectos científicos pola falta de inclusión do factor de corrección polas baixas de maternidade. A noticia referíase a o caso da directora da unidade do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago (IDIS) durante o período de avaliación Miguel Servet II, que tivo unha baixa de 13 meses para atender aos seus dous fillos, polo que non puido competir en condicións de igualdade para optar á máxima categoría profesional, que lle foi denegada ao non contabilizarse ese tempo de baixa. A información recollida denota que esta é unha situación que afecta a outras mulleres científicas ou investigadoras, que padecen problemas derivados da maternidade como consecuencia de participar en convocatorias nas que falta a inclusión do factor de corrección polas baixas de maternidade.

O informe anual do Valedor do Pobo ao Parlamento de Galicia 2017 indicaba nas súas consideracións finais da área de Igualdade que :

*“O Valedor do Pobo considera que a nosa comunidade ten por diante retos específicos en materia demográfica. Como indicamos noutros apartados deste informe, Galicia segue a ser unha comunidade moi envellecida que precisa inverter a súa pirámide de poboación. Consideramos fundamental o impulso ás políticas de conciliación laboral e profesional e de corresponsabilidade na atención familiar e do fogar.”*

Como recolle o recentemente publicado *PLAN GALEGO DE CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE 2018-2021* “a decisión de ser nai ou pai é o aspecto relacionado coa

*maternidade e a paternidade máis condicionado pola situación laboral no conxunto da poboación ocupada, posto que así o recoñece o 14,63 % do total. A idade á que se teñen os fillos e as fillas é, pola contra, a cuestión menos afectada pola situación profesional (11,65 %)."*


O Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade establece no seu artigo 1.3 como principio de actuación da Comunidade Autónoma:

*"O fomento da comprensión da maternidade como unha función social, evitando os efectos negativos sobre os dereitos da muller, e ademais instrumentando outros efectos positivos. A protección da maternidade é unha necesidade social que os poderes públicos galegos asumen e recoñecen politicamente. Sendo a maternidade un ben insubstituíble, todas as cargas e os coidados que supón, a gravidez, o parto, a crianza, a socialización dos fillos, deben recibir axuda directa das institucións públicas galegas, co fin de non constituíren discriminación gravosa para as mulleres. Neste sentido, a Xunta de Galicia aplicará todas as súas competencias para conseguir que se materialice, na práctica, o principio mencionado e a maternidade deixe de ser carga exclusiva das nais e motivo de discriminación para as mulleres."*

Este mesmo decreto legislativo considera no seu artigo 5 que o trato menos favorable a unha muller en relación co embarazo ou o permiso por maternidade está incluído dentro do concepto de discriminación.

Polo exposto anteriormente iníciase a correspondente investigación sumaria e informal para coñecer os datos en relación á igualdade no ámbito da investigación científica. En concreto solicitamos desa universidade que no prazo de 15 días, de acordo co previsto no art. 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilite información, no ámbito das súas competencias, sobre o persoal investigador (datos estatísticos por sexo, idade e por departamento ou instituto no que desenvolve a súa actividade), as actuacións que para a implantación da igualdade foron desenvolvidas por esa universidade nos últimos cinco anos; que nos achegue, debidamente cuberto, o anexo que se acompaña a este escrito e que informe sobre as demais circunstancias que se consideren relevantes para a completa valoración do obxecto da queixa.

Agradézolle a remisión do preceptivo informe e saúdoo atentamente.

  
Milagros María Otero Parga  
Valedora do Pobo

**ANEXO QUE ACOMPAÑA A SOLICITUDE DE QUEIXA S.1.Q/2394/18**

Información relativa ás actuacións e medidas adoptadas por parte da Universidade

<b>ACTUACIÓNS E MEDIDAS</b>	<b>DEFINICIÓ DA ACTUACIÓ OU MEDIDA</b>	<b>NÚMERO DE PERSOAL INVESTIGADOR QUE SE ACOLLEU A ESTAS ACTUACIÓNS OU MEDIDAS</b>
Dirixidas á consolidación de medidas que consideren as situacións de risco durante o embarazo, maternidade, adopción e acollemento, risco durante a lactación, paternidade e incapacidade temporal, para o cómputo da duración dos contratos de investigación ou predoutorais, que dean lugar á prórroga do prazo de execución		Varón Muller
Dirixidas á formulación de medidas para que as situacións de risco durante o embarazo, maternidade, adopción e acollemento, risco durante a lactación, paternidade e incapacidade temporal se poidan descontar do prazo estipulado para a valoración dos proxectos de investigación		Varón Muller
Dirixidas á mellora no reparto das cargas familiares coa promoción da adaptación de tempos e horarios laborais		Varón Muller
Dirixidas ás mulleres para a súa reincorporación á carreira científica que a abandonasen por razón de maternidade		Varón Muller
Dirixidas a potenciar a atención e apoio que garanta a asistencia integral das mulleres embarazadas		
Dirixidas a concienciación e información para incentivar entre os homes o uso das medidas de conciliación existentes		

Dirixidas á sensibilización, información e asesoramento sobre o valor social e as implicacións da maternidade e a paternidade cor responsable		Varón Muller
Dirixidas a utilización máis equitativa das fórmulas de traballo flexible e de permisos		Varón Muller
Dirixidas a promover medidas de flexibilidade espacial (mobilidade xeográfica, de área) así como a utilización de novas tecnoloxías que permitan a conciliación mediante o tele traballo		Varón Muller

Actuacións da Universidade en relación ás Víctimas da Violencia de Xénero

<b>ACTUACIÓNS E MEDIDAS</b>	<b>DEFINICIÓN DA ACTUACIÓN OU MEDIDA</b>	<b>NÚMERO DE PERSOAL INVESTIGADOR QUE SE ACOLLEU A ESTAS ACTUACIÓNS OU MEDIDAS</b>
Actuacións relativas a protección de vítimas de violencia de xénero (persoal)		Administración Docente Investigador
Actuacións relativas a protección de vítimas de violencia de xénero (alumnado)		Mulleres Fillos de mulleres vítimas de Violencia de Xénero